


**PROXECTO EDUCATIVO DO IES
FRANCISCO ASOREY
CURSO 2010 -11**



Asorey

IES

SUMARIO

- 1.- Introducción.
- 2.- Contexto.
- 3.- Organización e recursos.
4. - Ideario de obxectivos do centro.
- 5.- Oferta educativa do IES Francisco Asorey.
6. - Oferta curricular do centro.
- 7.- Programas de innovación educativa.
- 8.- Adecuación dos obxectivos das etapas que se imparten.
9. Criterios para a distribución do alumnado
10. Avaliación e promoción
- 11.- Plan lector.
12. Actividades extraescolares e complementarias.
- 13.- A normalización lingüística do centro.
- 14.- Interrelación entre os sectores da comunidade educativa.
- 15.- Colaboración con outras institucións.

Anexo 1: Concreción curricular: Programacións didácticas, Plan de orientación e acción tutorial.

Anexo 2: Plan de atención á diversidade.

Anexo 3: Plan de Convivencia.

Anexo 4: Plan anual de act. para a potenciación da lingua galega.

Anexo 5: Plan TIC

Anexo 6. Plan lector.

INTRODUCCIÓN


A *Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación*, establece que “os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de gestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.

No mesmo sentido o Decreto 324/1996, do 26 de xuño, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria que establece no seu artigo 88 que “os centros disporán de autonomía para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse no proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento”.

O PE (Proxecto Educativo) é un instrumento para a xestión, coherente co contexto escolar, que enumera e define as notas de identidade do centro, formula os obxectivos que pretende e expresa a estrutura organizativa da institución. A súa función principal é proporcionar un marco global á institución escolar que permita a actuación coordinada e eficaz do equipo docente. Este marco debe estar contextualizado na situación concreta do centro e propoñer solucións á súa problemática específica.

A elaboración do PE debe considerarse como un proxecto dinámico que facilite a consolidación dos equipos docentes e a xestión do centro.

Os documentos que conforman o PE son os que se reflicten no esquema seguinte:



2.- CONTEXTO

2.1. Contexto socioeconómico do centro


O IES Francisco Asorei emprázase no concello pontevedrés de Cambados, na rúa dos Cairos nº 25 nun extremo do pobo e achegado o barrio de San Tomé.

O concello de Cambados está situado a beira da ría de Arousa na provincia de Pontevedra, pertence a comarca do Salnés, ocupa unha extensión de 23,2 Km². e está integrado polas parroquias de Cambados, Castrelo, Corvillón, Oubiña e Vilariño

O Salnés

1. Cambados
2. O Grove
3. A Illa de Arousa
4. Meaño
5. Meis
6. Ribadumia
7. Sanxenxo
8. Vilagarcía de Arousa
9. Vilanova de Arousa

O Baixo Miño	A Paradanta
Caldas	Pontevedra
O Condado	Tabeirós-Terra de Montes
Deza	
O Morrazo	Vigo



Poboación: 13.591 habitantes (6617 homes e 6974 mulleres) dos cales un 19,5% sitúase nunca franxa de idade menor dos 20 anos. Nos últimos dez anos a poboación presenta un crecemento favorable, pasando de 12.918 habitantes no ano 1.998 a 13.591 habitantes no 2007. O saldo migratorio total é positivo en 15 habitantes segundo os últimos datos, sendo o saldo migratorio interno de-43 e o saldo externo de 58 (con España -22 e co estranxeiro 80).

Renda dispoñible bruta por habitante: 8.396 euros por habitante

As **actividades económicas** que absorben maior número de traballadores son por este orde os servizos, a pesca, a industria, a construción e a agricultura.

Paro: Situábase, en decembro de 2007 en 835 persoas. Das cales 529 son mulleres e 99 son menores de 25 anos.

Cultura e ocio: o concello conta con 5 bibliotecas públicas. Existen 2 complexos polideportivos e 11 pistas polideportivas. Non hai ningún cine comercial ou no comercial nin cineclub. Conta cun auditorio municipal e una sala de exposicións permanente.

Ensino: Cambados conta cos seguintes centros de ensino:

Educación infantil e/ou primaria	8
Educación secundaria obrigatoria	1
Educación infantil e/ou primaria e secundaria obrigatoria	0
Educación postobrigatoria	0
Educación infantil e/ou primaria e secundaria e postobrigatoria	0
Educación secundaria e postobrigatoria	2

Os alumnos matriculados en ensinanzas de réxime xeral distribúense do seguinte xeito:

Ensinanzas de réxime xeral	2006/2007	No noso centro
Educación infantil	404	-
Educación primaria	794	-
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	751	259
Bacharelato ordinario	265	104
Ciclos formativos ordinarios (grao medio e superior)	146	127
Programas de garantía social	12	14
Ensinanzas de niveis I, II e III para adultos	59	59

A taxa de analfabetismo no concello alcanza un 2,1% para idades de 16 ou mais anos.

2.2. Situación lingüística do centro

No noso centro o **Equipo de Normalización Lingüística** está formalmente constituído e conta cunha planificación lingüística integrada no PE .

No curso 2008/9 o Equipo de Normalización Lingüística fixo un estudio exhaustivo da situación lingüística do centro. Os últimos datos que temos reflicten o seguinte:

- % de familias que teñen o galego como lingua habitual: algo máis do 90% .
- % do alumnado que utiliza o galego habitualmente: 75% a menos do 90%.
- Tanto as materias mínimas que se imparten en galego (regulamentadas polo Decreto 247/1995), como as funcións administrativas do centro e as comunicacións co exterior alcanzan porcentaxes do 90% ou máis.
- Profesorado capacitado para dar clases en galego: 90% ou máis.
- % de docencia impartida en galego : 50% a menos do 75%.

Actualmente hai no noso centro 14 estudantes que non teñen nacionalidade española, dos cales 10 proceden de países castelán falantes como Arxentina, Colombia, Paraguai, Perú e Venezuela. Un é de nacionalidade portuguesa. 2 alumnos son marroquinos e una alumna é búlgara. A única que necesitou apoio inicial debido a cuestións idiomáticas foi esta última, pero retirouselle pasados dous meses do inicio do curso. Actualmente ningún ten problemas de comunicación por mor do idioma.

3.- ORGANIZACIÓN E RECURSOS.

O IES Francisco Asorey aínda que foi inicialmente creado para 9 unidades, hoxe conta con 27 (3 liñas de ESO en 1º, 2º e 3º, 2 liñas en 4º de ESO (aínda que temos concedidas 3), 1 grupo de PCPI, 2 liñas de Bacharelato, 2 Ciclos Medios, 2 Ciclos Superiores, 2 liñas do Nivel III de EPA). As ensinanzas que se imparten no centro son as seguintes:

- ✓ ESO
- ✓ Bacharelato (Modalidades: Científico-Tecnolóxico, Humanidades e de CC SS)
- ✓ PCPI
- ✓ Ciclos Medios (Equipos electrónicos de consumo, Xestión Administrativa)
- ✓ Ciclos superiores (Sistemas de telecomunicación e informáticos, Administración e Finanzas)
- ✓ EPA (Nivel III)

Recursos humanos

Os profesores, alumnos e persoal non docente que forma parte do IES Francisco Asorey son os seguintes:

PROFESORADO (65)		PAS (Persoal de Administración e Servicios)		
<i>DEFINITIVO</i>	<i>PROVISIONAL</i>	<i>ADMINISTRATIVOS</i>	<i>SUBALTERNOS</i>	<i>LIMPADORAS</i>
59*	13	2	3	3

*7 dos cales están en comisión de servizos

ALUMNADO				
<i>ESO</i>	<i>BACH.</i>	<i>PCPI</i>	<i>CICLOS</i>	<i>EPA</i>
321	105	31	135	28

Organización dos recursos humanos

- ***Órganos unipersoais de Goberno.***

Os órganos unipersoais de goberno son os integrantes do **equipo directivo** do centro que está formado polo Director/a, Vicedirector/a, Xefe de Estudos, Xefe de Estudos EPA e Secretario/a.

O nomeamento de **Director/a** poderá efectuarse sobre un profesor/mestre con destino definitivo no centro. Será nomeado polo Delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a duración do seu mandato será de catro anos.

A lexislación referente a selección e nomeamento da dirección dos centros públicos que imparten ensinanzas reguladas la Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e a seguinte:

Decreto 29/2007, do 8 de marzo.

Orde do 4 de Febreiro de 2008 pola que se convoca concurso de méritos...

O **vicedirector/a**, **Xefe de Estudos** e **Secretario/a** serán nomeados polo Director entre os profesores con destino definitivo no centro, logo da comunicación ó Consello Escolar.

A lexislación relativa a figura e funcións dos cargos directivos está desenvolvida na seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación
- Decreto 374/1996 (DOG do 21 de outubro de 1996)
- Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro de 1997)
- Decreto 324/1996 (DOG do 9 de agosto de 1996)
- Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro de 1997)

- **Órganos Colexiados de Goberno.**

Os órganos colexiados de goberno son o claustro de profesores e o consello escolar. As características e competencias de ambos, así como o sistema de renovación do Consello Escolar, están desenvolvidas na seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación
- Decreto 324/1996 (DOG do 9 de agosto de 1996)
- Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro de 1997)
- Decreto 120/1998 (DOG do 27 de abril de 1998)
- Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo de 1998)
- Decreto 7/99 (DOG do 26 de xaneiro de 1999)
- Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro de 2000)

O **Claustro de profesores** é o órgano de participación de profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordina, decidir, e se é o caso, de informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo, e será presidido polo Director.

O **Consello Escolar** é o órgano de participación dos diferentes membros da comunidade educativa. Estará formado polos seguintes membros: Director, Xefe de Estudos, Xefe de Estudos EPA, un representante do Concello, sete profesores, tres pais ou nais (un deles elixido pola ANPA), catro alumnos, e o secretario que terá voz pero non voto. Como no IES Francisco Asorey se imparte formación profesional, poderase incorporar ó Consello Escolar, con voz pero sen voto, un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións laborais presentes no ámbito de acción do centro.

- **Órganos de Coordinación Docente.**

Os órganos de coordinación docente do IES Francisco Asorey son:

- Departamentos didácticos (19)
- Departamento de Orientación
- Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias.
- Equipo de Normalización Lingüística
- Coordinador de Formación en Centros de Trabajo
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Tutorías (31)
- Coordinador e equipo da Biblioteca e do Plan Lector
- Coordinador e equipo de TIC
- Coordinador plan PROA

As características e funcións dos órganos de coordinación docente están desenvolvidas na seguinte lexislación:

- Lei Orgánica de educación 2/2006, de 3 de mayo,
- Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de secundaria (DOG do 9 de agosto de 1996)
- Orde do 1 de agosto de 1997 polo que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o ROC (DOG do 2 de setembro de 1997)
- Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de abril de 1998)
- Orde do 24 de xullo de 1998 polo que se establece a organización e funcionamento da orientación educ. E prof. Na comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 31 de xullo de 1998)
- Decreto 92/1988 do 28 de abril polo que se regulan os órganos de goberno nos centros públicos nonuniversitarios (DOG do 29 de Abril de 1988)
- Decreto 374/1996 (DOG do 21 de outubro de 1996)
- Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro de 1997)

Os **Departamentos didácticos** son os encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes, e as actividades que se lles encomenden dentro das súas competencias. Estarán compostos por todos os profesores que impartan o ensino propio das áreas, materias ou módulos profesionais asignados ó departamento.

DEPARTAMENTOS	PROFESORES
ADMINISTRATIVO	6
ARTES PLÁSTICAS	2
CIENCIAS NATURAIS	3
ECONOMÍA	1
EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA	2
ELECTRÓNICA	10
FILOSOFÍA	2
FÍSICA E QUÍMICA	2
FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	1
FRANCÉS	2
GREGO	2
INGLÉS	4
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4
LINGUA GALEGA E LITERATURA	5
MATEMÁTICAS	5
MÚSICA	2
ORIENTACIÓN	2
RELIXIÓN	1
TECNOLOXÍA	4
XEOGRAFÍA E HISTORIA	4
PROA	1
TOTAL	65

Recursos materiais

O IES Francisco Asorey dispón de 22 aulas comúns e 3 aulas pequenas para desdobres que son utilizadas polos diferentes grupos de alumnos de ESO, Bacharelato, PGS e EPA. Todas elas dispoñen de medios audiovisuais propios (televisión, aparato de vídeo, ordenador, lector de DVD e pantalla) e biblioteca de aula (dicionarios e atlas) para a utilización nas clases. A maior parte destas destas aulas contan ademais con ordenador, pantalla e canon proxector.

Ademais das aulas asignadas a grupos, o centro dispón de diferentes espacios dotados de materiais especializados para impartir determinadas materias. Entre ditos espacios estarían as aulas asignadas ós Ciclos Formativos.

O profesorado tamén conta con material audiovisual portátil para utilización didáctica diaria: ordenadores portátiles (4), proxectores de vídeo (2), proxectores de transparencias (2) e proxector de diapositivas (1).

Espacios e aulas especializados:

- 18 aulas de propósito xeral
- 2 aulas pequenas que se adican aos desdobres, para grupos reducidos. (13 ou 14 alumnos)
- 2 talleres de Tecnoloxía (ESO, Bacharelato).
- 3 talleres de electrónica e un aula polivalente (Ciclos Electrónica)
- 2 laboratorios (Ciencias Naturais e Física-Química)
- 2 Aulas de Debuxo e Plástica.
- 2 aulas de Informática (de ESO e Bach)
- 1 aula de informática(ciclos administrativo)
- 2 aulas de Xestión (Ciclos Administrativo)
- Aula de Música.
- Aula de Idiomas.
- Aula de Apoio.
- Aula de Audición e Linguaxe.
- Salón de Actos.
- Biblioteca (4 ordenadores para o uso de alumnos e 1 para a xestión da biblioteca).
- Ximnasio.
- Pista deportiva descuberta.
- Pavillón polideportivo.
- Sala de Profesores (4 ordenadores para o uso de profesores) .
- Sala de pais.
- Aula de convivencia
- Despachos (2 do Equipo Directivo e 1 do Dep. Orientación)
- Administración.
- Cafetería.

As normas sobre a utilización dos espazos e dos materiais do centro quedan reflectidas no Regulamento de Réxime Interno do centro.

4. IDEARIO DE OBXECTIVOS DO CENTRO

- O noso centro é un centro público e polo tanto necesariamente aconfesional. En consecuencia, respectamos as crenzas relixiosas de todos os profesores e alumnos e renunciamos a toda conduta que mostre intencións de adoutramento ou proselitismo.

- En canto a lingua de aprendizaxe, o centro sometese o lexislado para as dúas linguas oficiais. Proponse a utilización da lingua materna da maior parte do alumnado como lingua vehicular, sempre que isto sexa posible.
- No que se refire á metodoloxía, o centro non propón ningunha concreta con carácter exclusivo senón que aposta pola complementariedade dos diversos métodos. Esta complementariedade edifícase en torno as seguintes cuestións fundamentais:
 - A participación do alumnado na súa formación
 - A consecución de aprendizaxes significativos
 - A eficacia na transmisión de coñecementos, habilidades e valores
 - O desenvolvemento ó máximo nivel das capacidades de todo o alumnado
 - A atención a diversidade
 - Unha ensinanza integrada no contexto próximo do alumno.
 - Unha ensinanza en é para a liberdade e a tolerancia
- Como se deduce do apartado anterior, postúlase a liberdade de cátedra do profesorado (como indica a lei) na elección das súas metodoloxías e contidos. Esta liberdade ten os seus límites na harmonización das eleccións do profesor coas do resto do profesorado.
- O Centro asume e defende o pluralismo ideolóxico e moral que se fundamenta na aceptación e o respecto dos dereitos humanos.
- O Centro identifícase cos valores da coeducación e por elo con unha educación para a igualdade sen discriminación por razón de sexo.
- En canto ó modelo de xestión institucional, o centro adopta un modelo democrático de xestión da escola que implica a participación real e activa de todos os estamentos que a compoñen a través dos representantes que elixan.

Obxectivos

- **Obxectivos referidos ao ámbito pedagóxico**

- ✓ Potenciar o máximo nivel as capacidades intelectuais do alumnado
 - ✓ Adecuar a educación á diversidade do alumnado
 - ✓ Fomentar conductas non discriminatorias por razón de raza, sexo, relixión, etc.
 - ✓ Incorporar nas programacións didácticas obxectivos e contidos relacionados co contexto próximo ó alumnado.
- **Obxectivos referidos ao ámbito institucional**
- ✓ Fomentar que profesores, alumnos, pais e persoal non docente interveñan no control e xestión do centro.
 - ✓ Fomentar o coñecemento e o debate sobre a lexislación educativa.
 - ✓ Promover a coordinación e o intercambio entre os centros educativos da comarca e con outras entidades (Anpa, Empresas, Administración local, Asociacións culturais, etc.)
 - ✓ Favorecer a formación continua do profesorado (en reunión de comisión pedagóxica o comezo do curso proponendo temas de interese).
 - ✓ Conseguir unha ensinanza eficiente que rentabilice os recursos dispoñibles.
- **Obxectivos referidos á convivencia.**
- ✓ Conseguir o respecto e a observancia do RRI.
 - ✓ Promover e respectar o pluralismo evitando dogmatismos e adoutrinamentos
 - ✓ Dotarse de plans para a prevención e resolución de conflitos que acentúen a importancia do dialogo sincero e a cooperación
 - ✓ Educar e fomentar o respecto e coidado do contorno, empezando por un mesmo.
 - ✓ Distribuir axeitadamente o espazo do centro e os recursos existentes.

5.- OFERTA EDUCATIVA NO I.E.S. FRANCISCO ASOREY

O IES Francisco Asorey entrou en funcionamento no ano 1990. Inicialmente foi un centro que impartía ensinanzas de formación profesional de 1º e 2º grao das familias de Administrativo e Electrónica. Posteriormente iniciou de forma anticipada as *ensinanzas LOXSE e xa na* actualidade no instituto impártense as seguintes modalidades educativas:

- ESO
- Un PDC de dous anos (3º e 4º da ESO)
- Bacharelato
 - Científico-Tecnolóxico
 - Humanístico e de Ciencias Sociais
- Ciclos Formativos
 - CM de Xestión Administrativa
 - CM de Equipos Electrónicos de Consumo
 - CS de Administración e Finanzas
 - CS de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos (Modular)
- Programas de Cualificación Profesional Inicial. (Modalidade C Mixta).
- Educación para Adultos (EPA)
 - Ensinanzas básicas iniciais (actuualmente non se imparte porque non hai alumnos matriculados)
 - Educación Secundaria para Adultos (ESA)
 - Nivel I, II
 - Nivel III, IV
- Programas de innovación aos que está acollido o centro
 - PROA: Plan de acompañamento escolar
 - SECCIONS BILINGÜES: Seccións bilingües en centros de primaria e secundaria
 - CONVERSA MEC: Programa de auxiliares de conversa MEC
 - PROXECTO CLIMÁNTICA
 - PLAN ARCE
 - PLAN DE MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

6. OFERTA CURRICULAR DO CENTRO

ESO

MATERIAS	
1º ESO	2º ESO

<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias da natureza • Ciencias sociais, xeografía e h^a. • Educación física. • Lingua galega e literatura. • Lingua castelá e literatura • Primeira lingua estranxeira. • Matemáticas. • Educación plástica e visual. • Segunda lingua estranxeira • Proxecto interdisciplinar • Relixión/At. educativa 	<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias da natureza • Ciencias sociais, xeografía e h^a. • Educación física. • Lingua galega e literatura. • Lingua castelá e literatura • Primeira lingua estranxeira. • Matemáticas. • Música • Segunda lingua estranxeira • Educación para a cidadanía • Tecnoloxías • Relixión/At. educativa
--	--

3º ESO	
MATERIAS COMÚNS	<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias da natureza • Ciencias sociais, xeografía e h^a. • Educación física. • Lingua galega e literatura. • Lingua castelá e literatura • Primeira lingua estranxeira. • Matemáticas. • Educación plástica e visual. • Música • Tecnoloxías • Relixión/At. Educativa
MATERIAS OPT. (Elixir unha)	<ul style="list-style-type: none"> • Segunda lingua estranxeira • Cultura clásica • Obradoiro de iniciativas emprend. • Inic. Prof. á Electric. e Electrón.

4º ESO

MATERIAS COMÚNS	<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias sociais, xeografía e h^a. • Educación física. • Lingua galega e literatura • Lingua castelá e literatura • Primeira lingua estranxeira. • Matemáticas. • Educación ético-cívica • Relixión/ At. Educ. 		
ITINERARIOS	ITINERARIO A	ITINERARIO B	ITINERARIO C
MATERIAS OBRIGATORIAS (Elixir unha opción)	F ^a e Q ^a .	Música,	F ^o e Q ^a
	Biol. E Xeol	Ed Plást. E visual	Ed. Plásti. e Visual
	Ed. Plást. e Visual ou Informática	Latín	Tecnoloxía ou Informática
MATERIAS OPTATIVAS (Elixir unha)	2 ^a lingua estranx.	2 ^a lingua estranx.	2 ^a lingua estranx.
	Tecnoloxía	Informática	Informática
	Informática		
	Cultura clásica	Cultura clásica	Cultura clásica
	Obr.inic. emprend.	Obr.inic. emprend.	Obr.inic. emprend.
Inic. Prof. á Electric. e Electrón	Inic. Prof. á Electric. e Electrón	Inic. Prof. á Electric. e Electrón	

Programas de Diversificación Curricular

1º CURSO (en 3º da ESO)	
ÁREAS COMÚNS	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía • Educación Física • Educación Plástica e Visual • Relixión / Actividades de estudio
ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés Recolle os aspectos básicos do programa
ÁREAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Área do ámbito lingüístico – social Recolle os aspectos básicos do programa correspondente as materias de: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Ciencias sociais, xeografía e historia • Área do ámbito científico : Recolle os aspectos básicos do programa correspondente as materias de: Matemáticas, Ciencias da Natureza
MATERIAS OPTATIVAS	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciación profesional á Electrónica • Obradoiro de iniciativas emprendedoras • Francés 2º Ling. • Cultura clásica • Informática • Tecnoloxías
	<ul style="list-style-type: none"> • Tutoría específica

2º CURSO (en 4º da ESO)	
ÁREAS COMÚNS	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía • Educación Física • Música • Relixión / Actividades de estudio
ÁREA DE LING. ESTRANX.	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés Recolle os aspectos básicos do programa
ÁREAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Área do ámbito lingüístico – social Recolle os aspectos básicos do programa correspondente as materias de: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Ciencias sociais, xeografía e historia

	<ul style="list-style-type: none"> • Área do ámbito científico : Recolle os aspectos básicos do programa correspondente as materias de: Matemáticas, Ciencias da Natureza
MATERIAS OPTATIVAS (elixir unha)	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciación profesional á Electrónica • Obradoiro de iniciativas emprendedoras • Francés 2º Ling. • Cultura clásica • Informática • Tecnoloxías
	<ul style="list-style-type: none"> • Titoría específica

Programas de Cualificación Profesional Inicial

Programa da Modalidade C (Mixto) é dicir, os módulos formativos de carácter xeral impártense no centro educativo e os de carácter específico fóra del.

PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL		
	MÓDULOS FORMATIVOS DE CARÁCTER XERAL	MÓDULOS ESPECÍFICOS
1º CURSO	<ul style="list-style-type: none"> • Módulo de competencia comunicativa e dixital. • Módulo de sociedade e cidadanía. • Módulo científico-matemático. • Módulo de iniciativa persoal e relacións laborais • Titoría <p>(Cursados no centro educativo)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Costura • Fontanaría, calefacción • Peiteado • Mantemento de vehículos • Instalacións electrotécnica <p>(Impártense fora do centro educativo).</p>
2º CURSO	MÓDULOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO.	

- Ámbito de comunicación
- Ámbito social.
- Ámbito científico-tecnolóxico.

(Consistente en módulos voluntarios, agás para alumnos que se incorporen ós PCPI en idade de escolarización obrigatoria. Realízanse en réxime de Educación para Adultos.

Educación Permanente de Adultos

ENSINANZA SECUNDARIA DE ADULTOS	
NIVEL I	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito Comunicación (módulos 1 e 2) Recolle os aspectos básicos do programa correspondente as materias de: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literaturae Primeira Lingua
	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito Social (módulos 1 e 2) Recolle os aspectos básicos do programa correspondente as materias de: Ciencias Sociais, xeografía e Historia, Educación para a cidadanía, Música e E. Plástica e Visual.
	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito científico-tecnolóxico (módulos 1 e 2) Recolle os aspectos básicos do programa correspondente as materias de: Matemáticas, ciencias da Natureza, tecnoloxías e Educ. Física
	<ul style="list-style-type: none"> • Optativa ofertada polo centro : Informática (Módulos 1 y 2)
	<ul style="list-style-type: none"> • Titoría
NIVEL II	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito Comunicación (módulos 3 e 4)
	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito Social (Ámbito científico-tecnolóxico (módulos 3 e 4)
	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito científico-tecnolóxico (módulos 3 e 4)
	<ul style="list-style-type: none"> • Optativa ofertada polo centro : Informática (módulos 3 e 4)
	<ul style="list-style-type: none"> • Titoría.

Bacharelato

1º BACHARELATO

MATERIAS COMÚNS

Ciencias para o mundo contemporáneo
 Educación física.
 Filosofía e cidadanía
 Lingua galega e literatura I
 Lingua castelá e literatura I
 Primeira lingua estranxeira. I
 Relixión/ At. Educ.

BACHARELATO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO

modalidade Propias de

Obrigatorias

Matemáticas
 Física e Química

Elixir UNHA

Tecnoloxía Industrial I
 Bioloxía e Xeoloxía
 Debuxo Técnico I

(Elixir unha) OPTATIVAS

2ª lingua estranxeira.
 TIC
 Música I
 Calquera das de modalidade

BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

Elixir un itinerario

ITINERARIO A: HUMANIDADES

ITINERARIO B: CIENCIAS SOCIAIS

Materias de modalidade

Latín I
 Grego I
 Hª do Mundo
 Contemp.

Mat. apl. ás CC.SS.
 Economía I
 Hª do Mundo Contemp.

(Elixir unha) OPTATIVAS

2ª lingua estranxeira.
 TIC
 Música I
 Calquera das de modalidade

2º BACHARELATO

MATERIAS COMÚNS

Lingua Castelá e Literatura II
Lingua Estranxeira: Inglés II
Lingua Galega e Literatura II
Historia da Filosofía
Historia de España

BACHARELATO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO

modalidade Propias de	Obrigatorias	Matemáticas II
	Elixir DÚAS	Tecnoloxía Industrial II Bioloxía Debuxo Técnico II Física Química CC da terra e medioamb. Electrotecnia

(Elixir unha) OPTATIVAS

2ª lingua estranxeira.
Calquera das de modalidade

BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

Elixir un itinerario		ITINERARIO A: HUMANIDADES	ITINERARIO B: CIENCIAS SOCIAIS
Materias de modalidade	Obrigatoria	Xeografía	
		Latín II	Mat. apl. ás CC.SS.II
	Elixir UNHA	Grego II Economía de Empresa Literatura Universal Hª da arte	

(Elixir unha) OPTATIVAS

2ª lingua estranxeira.
Calquera das de modalidade

Ciclos Formativos

FAMILIA PROFESIONAL DA ELECTRICIDADE E A ELECTRÓNICA	
CICLO MEDIO DE INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS	CICLO SUPERIOR DE SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN E INFORMÁTICOS
MODULOS	<ul style="list-style-type: none"> • Infraestruturas comúns de telecomunicación en vivendas e edificios. • Instalacións domóticas. • Electrónica aplicada. • Equipamentos microinformáticos. • Infraestruturas de redes de datos e sistemas de telefonía. • Instalacións eléctricas básicas. • Instalacións de megafonía e sonorización. • Circuito pechado de televisión e seguridade electrónica. • Instalacións de radiocomunicacións. • Formación e orientación laboral. • Empresa e iniciativa emprendedora. • Formación en centros de traballo.
	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade • Sistemas Telemáticos • Desenvolvemento de sistemas de telecomunicación e informáticos • Xestión do desenvolvemento de sistemas de telecomunicación e informáticos • Sistemas de telefonía • Arquitectura de ordeadores • Arquitectura de ordeadores • Sistemas de radio e televisión • Proxecto integrado • Formación e orientación laboral • Relacións no entorno de traballo • Administración e comercialización da pequena empresa.

FAMILIA PROFESIONAL DA ADMINISTRACIÓN	
CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA	CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

MODULOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación, arquivo de información e operación de teclado • Xestión administrativa de compravenda • Xestión administrativa de persoal • Contabilidade xeral e tesourería • Produtos e servizos financeiros e de seguros básicos • Principios de xestión administrativa pública • Aplicacións informáticas • Formación e orientación laboral • Formación en centros de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> • Xestión de aprovisionamento • Xestión financeira • Recursos humanos • Contabilidade e fiscalidade • Aplicacións informáticas e operacións de teclado • Xestión comercial e servizos de atención ó cliente • Administración pública • Produtos e servizos financeiros e de seguros • Auditoría • Proxecto empresarial • Formación e orientación laboral • Proxecto integrado • Formación en centros de traballo
----------------	--	--

7. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA NO IES FRANCISCO ASOREY

Plan de reforzo Orientación e Apoio- Acompañamento Escolar (PROA)

¿Cal é a súa finalidade?

A finalidade do plan PROA é a de mellorar as perspectivas escolares dos alumnos con dificultades na ESO mediante o apoio e o reforzo organizado en horario extraescolar.

A súa finalidade última é contribuír ao incremento da taxa de éxito escolar.

¿A quen se dirixe?

A alumnos e alumnas de 1º e 2º de ESO con dificultades de aprendizaxe manifestadas en:

- Deficiencias nas materias instrumentais básicas.
- Ausencia de hábitos de traballo e escasa motivación.
- Retardo no proceso de maduración persoal.
- Pobre integración no grupo ou no centro

¿Cales son os seus obxectivos?

- Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar.
- Prever as dificultades de aprendizaxe, contribuíndo a evitar o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.
- Asentar os coñecementos das áreas instrumentais e outras materias.

- Mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura.
- Adquirir hábitos de organización e constancia no traballo, e aprendizaxe de técnicas de estudo.
- Aumentar as expectativas académicas e profesionais dos alumnos.
- Incrementar a autoestima e a motivación polo traballo escolar.
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no centro.
- Favorecer a convivencia no centro e a diminución da conflictividade.

¿Cómo se organiza?

- Habrá dous grupos de acompañamento escolar, un para alumnos e alumnas de 1º

Nome centro	Sección	Idioma	grupos	Nº de grupos
IES FRANCISCO ASOREY	CCSS	INGLÉS	3ª ESO	1
			4º ESO	1
	TECNOLOXÍA	INGLÉS	3ª ESO	1

de ESO e outros para alumnos e alumnas de 2º de ESO. Cada grupo estará formado por un mínimo de 10 e un máximo de 15 alumnos.

- Na formación do grupo de acompañamento de 1º de ESO terase en conta a información recibida dos Departamentos de Orientación dos centros adscritos ao IES Francisco Asorey:
- A selección do alumnado será realizada polo equipo docente baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e o asesoramento do Departamento de Orientación
- O programa de acompañamento desenvolverase os martes e os xoves de 16:00 horas a 20:00 horas (cada grupo terá dúas sesións de 60 minutos ámbolos dous días). O traslado dos alumnos, que non vivan na vila de Cambados, desde o seu domicilio ata o centro realizarase en transporte escolar gratuito para os alumnos.
(Estes datos poden variar dun curso a outro)
- A coordinación da profesora responsable dos grupos de acompañamento escolar e o equipo docente e titores dos alumnos que os forman, será continua ao longo do curso, a través da coordinadora do programa, e cunha periodicidade semanal.
- A profesora responsable dos grupos de acompañamento e a coordinadora do programa serán as responsables de manter informadas ás familias do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe do alumno.

Seccións bilingües

Unha sección bilingüe é a organización da ensinanza dunha área ou materia non lingüística que se cursa cun grupo de alumnos dun xeito bilingüe: en galego ou castelán, segundo corresponda de acordo coa normativa vixente en materia de normalización lingüística, e

nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas.

A súa finalidade é reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na área, materia ou módulo en que se desenvolve, así como a adquisición da terminoloxía específica.

No IES Francisco Asorey esta implantada unha sección bilingüe de inglés na materia de tecnoloxía de 3º de ESO e outra de CCSS en 3º e 4º de ESO

Proxecto Climántica

Climántica é un proxecto de Educación Ambiental da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este proxecto é froito do traballo en equipo levado a cabo por diferentes expertos e que se iniciou en setembro de 2006. O equipo Climántica consta de catro grupos de traballo – didáctica, edición gráfica, multimedia e asesoría científica – que traballan coordinados mediante o uso dunha plataforma colaborativa situada na intranet da web do proxecto.

A parte de Climántica que está dirixida aos alumnos de secundaria expón –ao longo de oito unidades didácticas, os grandes problemas ambientais, á vez que os relaciona co cambio climático a nivel global. Todas as unidades foron deseñadas para que a súa aplicación nas diferentes áreas, materias e módulos da ensinanza secundaria resulte interesante, sinxela e eficaz.

Plan ARCE

Este programa ten como finalidade establecer cauces de colaboración que permitan o establecemento de agrupacións ou redes de centros educativos e institucións públicas do ámbito da educación, ubicados en diferentes Comunidades Autónomas ou nas cidades de Ceuta e Melilla, para desenvolver proxectos comúns que débense de levar adiante en equipo entre todos os centros ou institucións participantes.

O planteamiento de proxectos comúns busca, por unha parte, impulsar os intercambios entre os centros ou institucións e a mobilidade de alumnos, profesores ou outros profesionais da educación contribuíndo á adquisición e mellora das súas aptitudes, non só nas competencias, áreas, ou temas nos que se centra o proxecto, senón tamén na capacidade de traballar en equipo. Por outra parte, preténdense consolidar redes educativas que favorezan a mellora na calidade da educación.

A través deste programa de cooperación territorial poderase:

- Intercambiar experiencias
- Establecer un marco para o debate e la reflexión conxunta
- Favorecer a creación de vínculos e redes educativas
- Colaborar no desenvolvemento curricular
- Descubrir os elementos diferenciadores da diversidade cultural e social das distintas Comunidades Autónomas
- Elaborar e difundir materiais que poidan ser de aplicación en diferentes ámbitos educativos

Plan de mellora das Bibliotecas escolares

O Plan de mellora de bibliotecas escolares que se desenvolverá durante o curso 2010-11 ten como obxectivo incentivar o deseño e posta en marcha de novos proxectos educativos para a organización, actualización e dinamización da biblioteca escolar. O plan pretende incentivar e impulsar a elaboración e posta en marcha de proxectos de biblioteca que recollan a súa integración nos procesos de ensino e aprendizaxe; a realización de actividades de formación de usuarios e educación en información ou educación documental; o papel da biblioteca na elaboración e desenvolvemento do proxecto lector do centro; o fomento da lectura; a compensación das desigualdades sociais; e a dinamización cultural na comunidade escolar.

8.- ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DAS ETAPAS QUE SE IMPARTEN

Educación Secundaria Obrigatoria

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida comocidadáns e cidadás.

Estes obxectivos son os obxectivos xerais da ESO mediante os que se expresan as capacidades que os alumnos e alumnas deberán acadar ó longo desta etapa:

:

- Asumir responsablemente os seu deberes, coñecere exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade

entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

- Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereitos dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

Competencias básicas

Ao logro das competencias básicas, xa iniciadas na educación primaria deberá contribuír a educación secundaria obrigatoria.

Unha competencia básica éa capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai mais alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar. Identifícanse oito competencias básicas.

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Bacharelato

FINALIDADE

O bacharelato forma parte da educación secundaria, na fase postobrigatoria e ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

OBXECTIVOS.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e
 - valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación.
- Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

Formación profesional

A Formación Profesional no ámbito do sistema educativo non universitario comprende un conxunto de ensinanzas que capacitan para o desempeño cualificado das distintas profesións.

As ensinanzas de formación profesional conducentes a títulos de validez académica e profesional terán como finalidade proporcionar a formación necesaria para:

- Adquirir a competencia profesional característica de cada título.
- Comprender a organización e características do sector correspondente, coñecer a lexislación laboral básica e os dereitos e obrigacións que dela se derivan, así como os mecanismos de inserción laboral.
- Adquirir as competencias para integrarse en equipos de traballo e os coñecementos e habilidades necesarios en materia de prevención de riscos laborales, de acordo con las normas vigentes.
- Adquirir as competencias lingüísticas específicas e necesarias para o exercizo profesional en idiomas de países da Unión Europea.
- Adquirir a competencia requerida para o uso e aproveitamento das tecnoloxas da información e a comunicación.
- Coñecer as oportunidades de aprendizaxe e os mecanismos de acceso ao emprego ou á reinserción laboral, conforme ás expectativas pessoais e profesionais, así como á lexislación laboral básica e os dereitos e deberes que se derivan das relacións laborais.
- Fomenta-lo espírito emprendedor e proporcionar a formación necesaria para o desempeño de actividades por conta propia e empresariais.
- Fomenta-la formación ao longo da vida profesional

Programas de Cualificación Profesional inicial

Os programas de cualificación profesional inicial, previstos no artigo 30 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, teñen como finalidade previr o abandono escolar antes da finalización da escolaridade obrigatoria e abrir novas expectativas de formación e de titulación a mozos e mozas en situación de desvantaxe sociolaboral e educativa. Teñen unha marcada vocación profesional, permiten a relación co mercado de traballo e facilitan a inserción laboral nunha actividade profesional de xeito cualificado.

OBXECTIVOS.

Os obxectivos dos programas de cualificación profesional inicial son que o alumnado:

- Consiga competencias profesionais propias dunha cualificación profesional de nivel 1 da estrutura do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais
- Teña a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria.
- Amplíe as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas por medio da superación da proba de acceso a ciclos de grao medio, ou coa obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, para o alumnado que curse os módulos conducentes á súa obtención.

9. Criterios para a distribución do alumnado

Os criterios de agrupamento para la Educación Secundaria Obrigatoria que se aplicarán con carácter xeral na formación dos grupos son os seguintes:

- Os grupos serán heteroxéneos, é dicir, non se farán grupos en canto a capacidades intelectuais, sexo, raza, etc.
- Materia optativa elexida e opción relixiosa.
- Grupo no curso escolar anterior, priorizar a continuidade do grupo.
- Centro de procedencia no alumnado de 1º de ESO.(Nos casos individuais en que así o suxiran os informes do alumno e o decida o equipo de profesores)
- Os/as alumnos/as repetidores, se os houbera, distribuiranse equitativamente entre os grupos existentes nese nivel.
- Os/as alumnos/as con necesidades educativas especiais, se os houbera, distribuiranse equitativamente entre os grupos existentes en ese nivel.
- Os/as alumnos/as que promocionaran por imperativo legal, se os houbera, distribuiranse equitativamente entre os grupos existentes nese nivel.
- Ubicarase en grupos diferentes os/as alumnos/as que xeneren problemas de convivencia motivados pola súa interacción dentro do grupo.
- Procurarase que o número de alumnado por grupo sexa equilibrado.

Unha vez iniciado o curso escolar e ando sexa necesario, a CCP, co asesoramento do Departamento de Orientación, poderá propoñer ao Equipo Directivo o cambio de grupo de aqueles/as alumnos/as que teñan condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do grupo, problemas de relación con alumnos/as do grupo e/ou necesidades educativas especiais e aos que o cambio supoña un beneficio no seu rendemento escolar e mellora do clima de convivencia.

Igualmente, unha vez finalizado o curso escolar deixarase constancia na memoria de tutoría aspectos relevantes a ter en cuota para o agrupamento do curso seguinte

Como fonte de información para realizar os agrupamentos utilizaranse:

- Reunións de equipos docentes.
- Reunións de equipos de avaliación.
- Informes titores
- Información facilitada polos Centros de Educación Primaria.
- Informe de convivencia de xefatura de estudos.
- Documentos de matrícula.

10. Avaliación e promoción

Referencias legais

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia(DOG 7/01/2008)

Corrección de erros. Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 8/02/2008)

Decreto 126/2008 do 19 de xuño polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Orde do 24 de xuño de 2008 polo que se desenvolve a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Avaliación e promoción na ESO

Carácter da avaliación

- A avaliación será continua
- Terá un carácter formativo e orientador.
- Será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.
- A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, establecidos no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, e a concreción que fagan os centros no seu proxecto educativo. Terá como referentes as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa. Os criterios de avaliación das materias serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos.
- Realizada avaliación e detectadas as dificultades incorporaranse as medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado

Resultados da avaliación

Os resultados da avaliación na ESO expresaranse nos termos seguintes:
 Insuficiente (**IN**), suficiente (**SU**), ben (**BE**), notable (**NT**) e sobresaliente (**SB**), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, correspondendo IN do 1 ao 4; SU o 5; BE o 6; NT o 7 e 8; SB o 9 e 10.

Desenvolvemento

• Avaliación inicial

Ao comezo de cada curso o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os **coñecementos previos** do alumnado en cada unha das materias e o **grao de desenvolvemento das competencias básicas**. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información do titor.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

- As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel e contará co asesoramento do departamento de orientación.
- Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo, polo menos, **tres sesións de avaliación**. A persoa titora recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións das distintas materias e/ou ámbitos, o grao de desenvolvemento das competencias básicas, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno e ao grupo no seu conxunto. Tamén informará por escrito ao alumno e aos pais ou titores legais dos resultados da avaliación. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se fose o caso. A última destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.
- Nos primeiros días do mes de setembro terá lugar unha sesión de avaliación, tras a realización das probas extraordinarias, para o alumnado que non superase todas as materias na avaliación final ordinaria.
 Cando un alumno ou alumna non se presente á proba extraordinaria dunha materia, nos documentos de avaliación farase constar «non presentado» (**NP**).
- O proxecto interdisciplinar, aínda que non contará cunha cualificación cuantitativa, será obxecto de avaliación cualitativa, referida ao grao de desenvolvemento das competencias básicas e que estará presente na información ao alumnado e ás súas familias e figurará no informe de avaliación final.
- O alumnado de 1º e 2º da ESO que presenten dificultades e non curse neses anos a materia común de segunda lingua estranxeira, será valorado, de xeito cualitativo, no progreso nas actividades de reforzo que estea desenvolvendo. Nos documentos de avaliación figurará coa mención de **exenta/o**.

- De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións incluídas as de promoción e titulación requirirán o acordo favorable da **maioría simple** dos seus membros.

Avaliación do alumnado con necesidade educativas especiais

- A avaliación e promoción do alumnado que curse as ensinanzas correspondentes á ESO con adaptacións curriculares significativas, tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

Promoción.

- Ao remate de cada un dos cursos a xunta de avaliación decidirá sobre a promoción do alumnado.
- O alumnado promocionará ao curso seguinte cando supere os obxectivos de todas as materias.
- Así mesmo tamén promocionará, en setembro, ao curso seguinte cando teña avaliación negativa en dúas como máximo.
- Repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias.
- **Excepcionalmente**, unha vez realizadas as probas extraordinarias, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou un alumno con avaliación negativa en tres materias dacordo cos seguintes criterios que deben darse conxuntamente:
 - a) se considera que a natureza das dificultades non lle impedirá seguir con éxito o curso seguinte: a aplicación desta decisión dependerá de que, das tres asignaturas suspensas, dúas delas non sexan instrumentais (Lingua castelá, Lingua galega e Matemáticas)
 - b) Se considera que ten expectativas favorables de recuperación: a aplicación deste criterio dependerá de que o alumno teña amosado unha actitude positiva no traballo desenvolvido na aula tendo realizado os traballos propios das materias con cualificación negativa.
 - c) Que como consecuencia do anterior se considera que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- No cómputo das materias para efectos de promoción, consideraranse tanto as materias non superadas do propio curso como as de cursos anteriores.
- O proxecto interdisciplinar non computará á hora de considerar o número de materias para os efectos de promoción.
- A materia de ciencias da natureza do 3º curso ,desdobrada en bioloxía e xeoloxía por un lado e física e química por outro, manterá o seu carácter unitario para efectos de promoción.
- O alumnado que promocione de curso con materias pendentes seguirá un programa de reforzo destinado a recuperación. Correspóndelles aos departamentos didácticos a organización destes programas.

Repetición de curso

- O alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta repetición irá acompañada dun plan de recuperación .
- O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e, con carácter xeral, dúas veces como máximo en toda a etapa.
- Excepcionalmente, o alumnado poderá repetir unha segunda vez o cuarto curso se non repetise nos cursos anteriores. Cando a segunda repetición teña lugar no último curso da etapa, poderase prolongar a escolarización ata os dezanove anos.
- O alumnado que ao finalizar o programa de diversificación curricular non estea en condicións de acadar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e cumpra os requisitos de idade establecidos poderá permanecer un ano máis no programa.

Titulación

- O alumnado que ao terminar a ESO superase todas as materias e alcanzadas as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en ESO
- Así mesmo, poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou en dúas materias, coa aprobación da maioría simple da xunta avaliadora
- **Excepcionalmente** titulará con tres materias pendentes, sempre que o equipo docente que imparte no grupo considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impediú alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa: a aplicación desta decisión dependerá de que, das tres asignaturas suspensas, dúas delas non sexan instrumentais (Lingua castelá, Lingua galega e Matemáticas)
- O alumnado que curse PDC obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Así mesmo, poderá obter o mencionado título aquel alumnado que, tendo superado os dous ámbitos, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias e, **excepcionalmente**, en tres se o equipo docente considera alcanzadas, ao final do programa de diversificación curricular, as competencias básicas e os obxectivos xerais para a etapa.
- O alumnado que curse un PCPI obterá o título de graduado en ESO se supera os módulos obrigatorios e os voluntarios.
- O alumnado con dezaioito anos cumpridos que non fose proposto para o título de graduado en ESO e teña avaliación negativa ata nun máximo de cinco materias disporá, durante os dous anos inmediatamente seguintes ao remate da súa escolarización, dunha convocatoria anual de probas para superar as materias con avaliación negativa. Esta convocatoria terá lugar no mes de xuño e será incompatible

con estar cursando as ensinanzas de adultos ou coa presentación ás probas libres para obter o título de graduado en educación secundaria previstas na Lei orgánica de educación.

- Para efectos de titulación computaranse como materias con avaliación negativa tanto as do propio curso coma as de cursos anteriores.
- O alumnado que non obtivese o título de graduado en ESO recibirá un certificado de escolaridade no que constarán os anos e as materias cursadas.

Avaliación, promoción e titulación en Bacharelato

1. A avaliación da aprendizaxe será continua e diferenciada segundo as distintas materias e terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.

2. Será competencia do profesor ou da profesora de cada materia, ao remate de cada curso, a decisión sobre a superación ou non, por parte do alumnado, dos obxectivos establecidos, tomando como referente fundamental os criterios de avaliación.

3. O alumnado que non supere algunha materia logo da avaliación final do período ordinario poderá

realizar unha proba extraordinaria. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará o calendario para a súa realización.

4. O equipo docente, constituído polas profesoras e profesores que imparten docencia a cada un dos

grupos de bacharelato, coordinado pola persoa titora, valorará a evolución de cada alumna e cada alumno no conxunto das materias, a súa madurez académica en relación cos obxectivos do bacharelato así como, ao final da etapa, as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores.

5. Se no proceso de avaliación continua se advertise que unha alumna ou un alumno non progresa

adecuadamente, o centro educativo, tan pronto como detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo coa finalidade de queo alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar satisfactoriamente os seus estudos.

6. Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez, sen decimais, e consideraranse negativas as inferiores a cinco. A nota media será a media aritmética das cualificacións de todas as materias, arredondada á centésima máis

próxima e, en caso de equidistancia, á superior. Na convocatoria da proba extraordinaria, se o alumnado non se presentase a ela, consígnase como non presentado.

7. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe do alumnado coma o proceso de ensinanza e a súa práctica docente.

Promoción.

Ao finalizar o 1º curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado de cada alumna e de cada alumno adoptará as decisións sobre a súa promoción ao 2º curso tendo en conta que:

a) As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao 2º curso cando superen todas as materias

cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

b) O alumnado que consegue a promoción a segundo curso con materias avaliadas negativamente

deberá cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as actividades de recuperación e avaliación das materias pendentes.

Permanencia dun ano máis no mesmo curso.

1. O alumnado que non consiga a promoción ao segundo curso deberá permanecer un ano máis no

primeiro, e cursarao de novo na súa totalidade.

5. O alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalgúns materias, poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novas materias superadas.

A Consellería de Educación poderá regular as condicións en que o alumnado poida asistir ás clases correspondentes ás materias superadas.

Titulación.

1. Obterá o título de bacharel o alumnado que curse satisfactoriamente o bacharelato en calquera das modalidades. Este título terá efectos laborais e académicos.

2. Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

11. Plan lector

O centro conta cun plan lector e de dinamización biblioteca que ten dous obxectivos fundamentais:

- A biblioteca escolar, á que se lle pretende outorgar un papel central na vida académica, nas actividades extraescolares e complementarias e no fomento do hábito lector.
- Fomento da lectura entre o alumnado.

Sobre estes obxectivos realízanse una serie de actividades (tempo diario de lectura, carné lector, logotipo da biblioteca, catalogación de fondos adaptada ao CDU, participación fundamental na organización de actividades extraesc. e complementarias como omo a Antroido, o Días das Letras Galegas., etc.) que se poden consultar detalladamente no Plan Anual de Lectura e Dinamización da Biblioteca Escolar.

12. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Obxectivos.

O noso centro, trata de organizar e articular as suas actividades extraescolares e complementarias en torno a estos obxectivos:

- Conseguir unha educación integral para todos os nosos alumnos e mellorar as suas capacidades cognitivas, motrices, de equilibrio personal e relación social, así como a utilización sana do tempo libre. Fomentar hábitos de participación social, que contribúan a integración dos xoves no seu medio social, propiciando a creación e mellora de actitudes de solidaridade, respecto e valores positivos, non só evitando discriminacións e intransixencias, senón potenciando todos os valores que nos fan máis humanos. E coa confianza en que a participación neste tipo de actividades axuden a modificar actitudes e formas de pensar por parte do alumnado, tanto polo que atañe a asunción de valores alternativos, como ó respecto ó medioambiente como referido a actitudes hacia os estudos e á propia autoestima.
- Impulsar, viabilizar e concretizar iniciativas de innovación na área pedagóxica orientadas ó melloramento da calidade educativa, para fomentar nos seus alumnos unha responsabilidade colectiva, de xeito que a educación lles sirva ós alumnos non só para desenvolverse como persoas, senón tamén para vincularse ó traballo, e formarse como cidadanos.
- Interrelacionar a comunidade escolar co seu contorno a través da realización de actividades conxuntas, de carácter aberto, con outros centros escolares, organismos públicos, entidades e asociacións, de forma que o alumnado se

integre natural e positivamente no seu medio social, así como, de forma recíproca, se poidan rentabilizar o máximo os recursos e instalacións dos centros fora do horario lectivo.

- Promover e/ou apoiar procesos de coordinación e participación de todos los estamentos da comunidade escolar que faciliten a súa implicación na elaboración e seguimento da programación de actividades extraescolares, incluída na Programación Xeral Anual do Centro.

- O respecto e a tolerancia son dous dos valores humanos que pretendemos fomentar. Unha forma de aprender a respetar outras culturas é coñecerlas. Desde este punto de vista, consideramos importante que os alumnos e alumnas o longo do seu paso polo instituto teñan a oportunidade de coñecer e convivir con xóves de outras comunidades ou países. Estes serán sin duda lazos que facilitarán a adquisición dos valores mencionados anteriormente. Por este motivo, entre outros, fomentarase que o alumno teña a oportunidade de participar en varios intercambios e encontros escolares o longo do seu paso polo Instituto.

Programación das actividades complementarias e extraescolares.

O comenzo de cada curso haberá de elaborarse conxuntamente cos diferentes estamentos da comunidade escolar o "Programa de Actividades Extraescolares do Centro"

- 1) Os proxectos incluírán os seguintes contidos mínimos:
 - a. Xustificación do proxecto.
 - b. Análise da realidade.
 - c. Obxetivos xerais e específicos do proxecto, cos indicadores de avaliación correspondentes.
 - d. Programa de actividades previstas, agrupadas en: cursos e talleres; grupos estables ou de actividade; equipos deportivos; actividades de difusión-comunicación; actividades "intercentros"; actividades "interasociativas"; excursións e itinerarios; e outras actividades. Tendo como obxectivo prioritario o interese dos alumnos. Para elo é necesario establecer mecanismos para coñecer as preferencias dos alumnos (encuestas, reunións, etc.). A avaliación destas actividades quedará reflectida na acta do departamento.

A relación das actividades figurará na Programación Xeral Anual e do seu calendario darase publicidade tan axiña como o permitan os preparativos necesarios para levalas a cabo.

Os departamentos deberán presentar a principio de curso unha programación das actividades complementarias previstas. Isto non impedirá que poidan propoñer algunha actividade extraescolar ó longo do curso, que pólas circunstancias do seu interese e oportunidade non puidese ser contemplada na devandita programación.

Cando algún membro do profesorado ou outros membros da Comunidade Escolar desexen desenvolver actividades extraescolares non programadas, non fixadas na Programación Xeral Anual, deberán solicitalo á Dirección con antelación suficiente. Facilitarase a información necesaria para que a Dirección poida resolver segundo proceda.

As actividades complementarias mencionadas terán prioridade a respecto de calquera actividade lectiva.

Normas a seguir nas actividades complementarias e extraescolares

A normativa que rixe nas actividades extraescolares e complementarias para o I.E.S. Asorey queda reflectida no R.R.I que aparece como anexo.

13.- A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

No centro constituirase un Equipo de Normalización Lingüística coa finalidade de potenciar o uso da lingua galega. Este equipo será nomeado polo Director e estará constituído por tres profesores, tres alumnos e un membro do persoal non docente. A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor do mesmo, preferentemente con destino definitivo no centro.

As actuacións de este equipo estarán encamiñadas a:

- Promover o uso do galego en todos os ámbitos do centro.
- Fomentar e realizar actividades que teñan o galego como lingua vehicular: charlas, conferencias, exposicións, concursos, proxeccións, teatros, publicacións...
- Organizar un centro de recursos (material audiovisual, bibliografía, material informático...) para favorecer o uso do galego polo alumnado e o profesorado.

Para conseguir estes obxectivos, o Equipo de Normalización Lingüística elaborará un Plan Anual para a potenciación do uso da lingua galega. Da súa redacción encargarse o/a coordinador/a e nel recollerá a relación secuenciada e temporalizada de actividades programadas para o curso, na que se concreten os obxectivos previstos tanto no plan

xeral para o uso do idioma como no plan específico para potenciar a presenza da realidade galega que forman parte do PE do centro.

Os aspectos económicos do plan anual para a potenciación do uso da lingua galega serán recollidos nun anteproxecto económico que consta de dúas partes. A primeira fará referencia ó período inicial do curso, ata o mes de decembro; nela terase en conta o orzamento anual xa aprobado. A segunda parte, que será sometida á consideración da Dirección co fin de que a inclúa, se procede, no seu anteproxecto de orzamento do centro, e recollerá as actividades previstas desde xaneiro ó final de curso.

14.- INTERRELACIÓN ENTRE OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.


Ademais das primordiais relacións que se establecen entre o alumnado e o profesorado, non hai que esquecer que o primeiro centro de ensinanza é a familia, polo que a relación cos pais adquire unha importancia crucial dentro do labor educativo. Por isto é necesario potenciar a colaboración con eles e dar a coñecer o centro utilizando diversos mecanismos, dende mostrar as instalacións nunha xornada de portas abertas, pasando por unha reunión a principio de curso dos titores e da dirección cos pais ata a entrevista personalizada nos casos que o precisen.

ANPA

A representación dos pais e órgano de especial transcendencia na vida do centro é a ANPA (Asociación de Nais e Pais de Alumnos), que conta con representación no Consello Escolar xunto con outros dous membros electos tamén do colectivo de pais. Esta asociación participa activamente co Instituto colaborando en distintas actividades. Conta cun espazo na páxina wb do centro e cunha sala no instituto na que desenvolveas súas tarefas. Considérase neste proxecto a necesidade de manter distintas reunións ó longo do curso coa directiva da ANPA para informarlles e a súa vez facelos partícipes das diferentes tarefas educativas.

Para amosar claramente as interrelacións que se establecen entre todos os sectores da nosa comunidade educativa, nas dúas seguintes páxinas preséntanse uns esquemas-resumo de todas elas.

	ALUMNADO	FAMILIAS	PROFESORADO	P.A.S.
ALUMNADO	- Xunta de Delegados - Consello Escolar	Consello Escolar	- Aulas - Titorías - Actividades Extraescolares - Consello Escolar	- Servizos Xerais
FAMILIAS	Consello Escolar	- Consello Escolar - APA	Consello Escolar	- Actividade cotiá
PROFESORADO	- Aulas - Titorías - Actividades Extraescolares - Consello Escolar	- Horas de visita - Titorías - Consello Escolar	- Claustro - Consello Escolar - Reunións equipos docentes	- Consello Escolar
P.A.S.	Servizos Xerais	Actividade cotiá	Consello Escolar	Asembleas



15.- COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN

Concello

Ata este momento mantívose unha colaboración coa administración local que se pretende no sucesivo mellorar, reforzar e ampliar ó obxecto de satisfacer mutuos intereses, establecendo unha relación bilateral que permita beneficiar ós membros da comunidade educativa así como os veciños do concello. Isto poderase levar a cabo a través do representante que o concello ten no Consello Escolar así como co Sr. Alcalde directamente.

Así mesmo, fomentárase e continuaránse os contactos cos Servizos Sociais ó obxecto de facilitar a integración social e educativa dos membros que precisen asistencia de dito servizo.

Centros de primaria adscritos

Os centros adscritos ó I.E.S. “Francisco Asorey” son :

- ✓ C.E.I.P. “San Tomé” de Cambados
- ✓ C.E.I.P. “Enrique Barreiro Piñeiro” de Vilariño
- ✓ C.E.I.P. “Castrelo” de Castrelo

Outros centros

Dada a proximidade dos seguintes centros e a necesidade de compartir criterios e recursos para realizar unha adecuada oferta educativa á comarca do Salnés, mantemos contactos cos seguintes centros :

- ✓ I.E.S. “Ramón Cabanillas” de Cambados. Actividades de orientación académica e profesional, actividades extraescolares e complementarias
- ✓ C.P.R. Salesianos A Mercé de Cambados

Empresas

A relación do centro coas empresas do contorno resulta fundamental, xa que é alí onde os nosos alumnos dan un paso importante, e moitas veces decisivo, na súa formación profesional, canalizándose estes contactos por medio do Coordinador de Formación en Centros de Traballo, os Tutores de Ciclos e o Titor de PGS.

Actualmente os nosos alumnos de Ciclos Formativos e Programas de Garantía Social realizan as prácticas nun numeroso grupo de empresas que se relacionan a continuación:

NOME DA EMPRESA	CONCELLO
ACADEMIA ST. MARY SCHOOL	Cambados
AISLAMOS, S.L.	Meis
ALLIANZ SEGUROS	Cambados
AROUSACOM, S.L	Cambados
Asesores de Galicia S.L.	Vilagarcía de Arousa
Asesoría ASEPO S.L.	Sanxenxo
ASESORÍA J. REY S.L.	Caldas de Reis
Asesoría Vilas	Cambados
ASTEM, S.A.	O Grove
AUCASA	Cambados
Automoviles Mouriño S.L.	Meis
AUTOS AROUSA S.L.	Vilanova de Arousa
AUTOS GUERRA S.L.	Moraña
AVICOLA DE GALICIA, S. A.	Pontevedra
Bamar Maderas S.L.	Ribadumia
BODEGAS LAGAR DE BESADA	Meaño
BODEGAS MARTIN CODAX	Cambados
BODEGAS VILARIÑO-CAMBADOS S.A.	Cambados
BODEGÓN PATA NEGRA	Cambados
CAIXA GALICIA	A Coruña
Caixa Nova	Vigo
Carballo Cocinas, S.A.	Meis
Carpintería Corbelle S.L.	Ribadumia
CARPINTERIA FERNANDO CORBELLE S.L.	Ribadumia
Carpintería Sisán S.L.	Meaño
CASA ROSITA C.B	Cambados

CD FINCAS SC	
Centro Territorial TVE-Galicia	Santiago de Compostela
COEMPSA	Meaño
Cofradia de Pescadores San Antonio	Cambados
COLEGIO ABRENTE	Sanxenxo
Comercial Agroleiro	Ribadumia
Comercial Rodríguez y Costa	Vilagarcía de Arousa
Compañía RTV de Galicia	Santiago de Compostela
Concello de Cambados	Cambados
Concello de Meis	Meis
CONCELLO DE O GROVE	O Grove
CONCELLO DE RIBADUMIA	Ribadumia
Concello de Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa
Conservas de Cambados S.A.	Ribadumia
Construccións Carlos Valiñas S.L.	Vilagarcía de Arousa
Construccións Emilio Abal S.L.	Cambados
Construpama S.L.	Meis
CRAME, S.A.	Ribeira
DIARIO DE AROUSA	Vilagarcía de Arousa
DIEJUD S.L.	Ribadumia
DON ATÚN S.L.	Meaño
Dozo xestión S.L.	Cambados
DREAN	Cambados
DS Salgado S.L.	Vilagarcía de Arousa
Elaborados Cárnicos Josar	Caldas de Reis
ELECTRICIDAD SALVADOR CORES S.L.	Cambados
ELECTRICIDADE SALVADOR CORES,	Cambados

Electro Villalonga S.L.	Sanxenxo
ELECTRÓNICA CAMBADOS S.L.	Cambados
ELECTROSALNÉS, S. L.	
Elefonca S.L.	Cambados
ELEVENCA ELECTROCOMUNICACIONS	Meaño
ESTABLECIMIENTOS OTERO, S.A.	Cambados
ETRES VILAGARCIA S. L.	Vilagarcía de Arousa
F. Rodiño S.L.	Sanxenxo
F1 AYUDA INFORMÁTICA S.L.	Vilagarcía de Arousa
Family Company	Cambados
FOMENTO DE OBRAS GALIZA S.L.	Portas
FROIZ GRANDES SUPERFICIES S.A.	Poio
Fundiciones Rey	Vilagarcía de Arousa
GALAIMANTSA S.L.	Vilanova de Arousa
Gestión 2005 S.L.	Ribeira
Getronics España Solutions, S.L.	Madrid
GRUPINFOR	Cambados
Industrias Regueira Abal S.L.	Meis
INFONET	Sanxenxo
Informática Salnés	Cambados
INSPULE S.L.	Ribadumia
Instalaciones Corbisan C.B.	Cambados
ISLAFER S.L.	Vilanova de Arousa
JORGE JUAN GAMARRA GARCÍA	Vilagarcía de Arousa
José Castro Saborido	Ribadumia
Lede e Hijos S.L.	Vilagarcía de Arousa
LUDOTECA PEQUECHIÑOS	Cambados

MAPFRE MUTUALIDAD	Cambados
Marisco Vieiro S.L.	Meaño
Marmensa S.L.	Sanxenxo
MIVISA ENVASES, S.A.	Ribadumia
MONTAJES ELÉCTRICOS LUIS ABAL	
NUEVO ESTILO	Cambados
OFICINA DE EMPREGO CAMBADOS	Cambados
Ogando Doval S.L.	O Grove
Organización de Autónomos e Profesionais	Cambados
OTERO TRANS	Vilanova de Arousa
PAZO SEÑORÁNS S. L.	Meis
PEDREIRA MOTOR, S.L.	Ribadumia
Perruquería Luz	Cambados
Perruquería ELBA	Cambados
PILAR BAÚLO Y JOSÉ S.L.	Cambados
Puertas Dominguez S.L.	Ribadumia
R	A Coruña
Radio TV Crespo S.L.	Meaño
RAMIRO MARTÍNEZ S.L.	Vilanova de Arousa
Renault	Cambados
RESTAURANTE LA TRATTORÍA	Cambados
Ricardo Costa Parada	Vilanova de Arousa
ROMERO MULTISEGUR S.L.	Vilagarcía de Arousa
Root Consultoría	A Illa de Arousa
Salnespan S.L.	Ribadumia
SANSATUR	Cambados
Servicio Rápido Charve S.L.	Cambados

Soluciona Telecomunicaciones S.A.	Madrid
STIN	Vilagarcía de Arousa
TASMAR	Cambados
TECNOLOGÍA FONTEBOA S.L.	Vilagarcía de Arousa
Telefónica de España S.A.U.	Vigo
TELEGAL S.L.	Vilagarcía de Arousa
Telemática Galicia S.L.	Narón
Torrente Instalaciones S.L.	Vilanova de Arousa
TRANSPORTES NÚÑEZ BARROS	Cambados
TRANSYEL	Santiago de Compostela
UTE Salnes	Ribadumia